

TRADUCCIÓN DAS INSTRUCIÓN: TAREFA 7

Para esta tarefa, queres facer un post no teu blog cunha descrición da túa familia nunha foto. Por iso, necesitas unha imaxe da túa familia. Se non tes unha foto dela para incluír na túa descrición, terás que facer un debuxo da túa familia ou poñer unha imaxe de Internet. Bótalle unha ollada ao modelo básico que aparece co texto de inglés (baseado nos textos das páxinas 47 e 148 do noso libro). Escribe un post que inclúa todos os puntos seguintes:

- O lugar onde estades na foto.
- Escribe sobre as persoas que aparecen na foto: os seus nomes, a túa relación con elas e algunhas das súas idades.
- Describe a aparencia física de algunhas delas para situalas na foto.

Escribe entre **80 e 100 palabras** (o modelo é un pouco máis longo do requirido para mostrarche máis vocabulario). Lembra organizar a túa información da mellor maneira posible e nun parágrafo coherente. Non escribas oracións illadas! Tes **ata o 23 de decembro** para presentar a tarefa. Despois desa data non se aceptarán traballos.

Para subir o arquivo pdf cun texto que teña as características mencionadas no anterior parágrafo, clica en "**Add Submission**" (agregar unha presentación). Logo, clica na frecha (se a frecha non funciona, preme no debuxo dun arquivo, que mostra a palabra "**Add...**" cando pos o cursor encima del). Entón, aparece unha nova ventá, la "**File Picker**" (recolle arquivos), e aquí, clica en "**Examinar**" (se non aparece isto, clica en "**Upload a file**" á esquerda), e así, na nova ventá, pódense ver os arquivos no teu computador. Unha vez que seleccionas o arquivo que queres presentar, clica en "**Upload**" (subir). Finalmente, non esquezas clicar en "**Save changes**" (gardar os cambios), para que o arquivo permaneza subido.